



CIRCULAR 6/2012

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE INVERNO DE LANZAMENTOS LONGOS

Vigo, 26 de febreiro do 2012

Art.1) A Delegación da F.G.A en Vigo organizará o **Campionato Galego Absoluto de Inverno de Lanzamentos Longos**, que terá lugar en Vigo o vindeiro domingo **día 26 de febreiro** do 2012.

Art.2) Poderán participar todos aqueles atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2011/12) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos*

Art.3) Poderán participar en cada especialidade os atletas que se inscriban coas 12 mellores marcas absolutas, conseguidas durante a tempada 2010/11 ou 2011/12.

Art.4) As inscricións realizaranse na web www.atletismogalego.org a través do sistema online antes das 18:00 horas do mércores día 22 de febreiro.

Art.5) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.6) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

Art.7) Serán proclamados gañador, segundo e terceiro, os atletas que acaden as tres mellores marcas absolutas, tanto en homes como en mulleres.

Art.8) Pasarán á mellora os 8 mellores atletas.

Art.9) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Art.10) Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara e non participase na ronda seguinte ou ben que confirme a súa inscrición e finalmente non participe.

Art.11) HORARIO DE CONFIRMACIONES:

Os atletas deberán confirmar persoalmente a súa participación 45 minutos antes da súa proba. A entrada á pista farase por cámara de chamadas, non estando permitido o acceso a mesma dende calquer outro punto distinto a esta.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.12) HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS:

Os artefactos personais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1 hora e 30 minutos antes.

Art.13) HORARIO (provisional).

10,45 - Disco Mulleres
12.15 - Martillo Mulleres
13.30 - Martillo Homes
16,00 - Disco Homes
17,15 - Xavelina Homes
18,30 - Xavelina Mulleres

Art.14) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da I.A.A.F.

Art.15) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

HORARIO LÍMITE PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS (deberán presentar DNI ou calquer documento con foto)

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 25 de xaneiro de 2012